



**XEIRA, DOMINGO, 07 DE SETEMBRO DE 2014**  
**TERRA DE TRASANCOS MEDIEVAL E**  
**ARQUEOLOXIA INDUSTRIAL DA RIA DE FERROL**  
Guiada por Pancho Gallego  
**Saída ás 9,00 h dende as paradas habituais**

Teremos UNHA andaina bastante facil de 1,5 quilómetros máis ou menos, será polo tanto mellor levar calzado axeitado

## **ITINERARIO**

- Sairemos das paradas habituais para irmos directos cara a nosa primeira parada **para visitar o Mosteiro de San Martiño de Xubia**, tanto por fora como o pouco coñecido interior románico de influencia compostelana.
- A seguinte parada será sobre as 11,15, no mesmo Ferrol para visitar os murais que o pintor murgardés Luis Bello Piñeiro nos deixou no Casino de Ferrol. Aproveitaremos para tomar aquí un café no bar desta antiga asociación e apreciar este edificio do arquitecto Rodolfo Ucha Piñeiro.
- Dende alí nos achegaremos á pouco coñecida igrexa da parroquia de Santa María de Brión, que conserva unha ábside gótica e un bonito adro que todavía conserva o teito.
- Continuaremos ca visita á interesantísima capela gótica de Serante, enclavada no cemiterio que posiblemente se asente sobre unha antiga necrópole.
- Subiremos logo ata o santuario do Chamorro, outro deses magníficos exemplos de cristianización de antigos cultos pagáns ás pedras e penedos e disfrutaremos das estupendas vistas da ría.
- E antes do xantar empezaremos ca arqueoloxía industrial da ría de Ferrol achegándonos ó Dique da Graña, de finais do s.XVIII, que se usou ata ben entrado o s. XX.

**O XANTAR farémolo no restaurante A Trasanquesa**, no lugar da Feira do Trece, e será a base dun entrante de sopa de peixe, seguido dunha carne asada, postres, cafés e café.

- Logo do xantar visitaremos algún dos dólmenes do campo de mámoas do Monte do Nenos.
- Seguiremos ca arqueoloxía industrial facendo unha fermosa **andaina pola parte final do río Grande**, dende a chamada Presa do Rei, de finais do s. XVIII ata a desembocadura en Xuvia.
- Alí veremos o deteriorado Muiño de Xuvia, unha das imaxes máis típicas do país, e tentaremos entrar nos xardíns da fábrica da marxe dereita, que ven sendo zona industrial con diversos usos dende hai máis de 200 anos.
- Seguiremos por outro muiño: as aceñas do Ponto. Outro gran muiño de mareas, tamén moi deteriorado e que compriría recuperar.
- A partir deste momento, e dependendo de cómo vaiamos de tempo poderíamos retroceder e visitar a igrexa barroca de San Estevo de Sedes, e se nos animáramos, achegarnos ó castro da Eiravedra.